

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO: INCORPORACIÓN DE SOLICITUDES PRESENTADAS FÓRA DE PRAZO Á RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL 2026.**

**EXPEDIENTE:**2026/S012/000003

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

Mediante Decreto de Alcaldía nº 388/2026, de data 10 de xuño de 2026, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas nos Campamentos de Verán para a conciliación familiar e laboral 2026.

Con posterioridade á finalización do prazo ordinario de presentación de solicitudes presentáronse novas solicitudes para participar no programa.

Visto o informe técnico complementario emitido pola técnica responsable do expediente, asinado na data 12/06/2026 no que se acredita que as solicitudes presentadas fóra de prazo reúnen os requisitos establecidos no Regulamento de actividades de conciliación: Madrugadores, Ludoteca e Campamentos para a conciliación familiar e laboral no Concello de Curtis, e que existe dispoñibilidade de prazas suficiente para atender as mesmas sen prexuízo das persoas xa admitidas.

Resultando que a admisión das citadas solicitudes non altera a organización do servizo nin supera o número máximo de prazas dispoñibles nas quendas solicitadas.

Considerando o disposto nos artigos 21 e 23 do Regulamento de actividades de conciliación: Madrugadores, Ludoteca e Campamentos para a conciliación familiar e laboral no Concello de Curtis.

No exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a incorporación á relación de persoas admitidas nos Campamentos de Verán para a conciliación familiar e laboral 2026 das seguintes solicitudes presentadas fóra de prazo que figuran no Anexo I.

**SEGUNDO.-** Declarar que as citadas solicitudes reúnen os requisitos establecidos na normativa reguladora e que a súa admisión resulta compatible coa capacidade organizativa do servizo e co número de prazas dispoñibles en cada unha das quendas solicitadas.

**TERCEIRO.-** As persoas admitidas deberán presentar o correspondente xustificante de pagamento das quendas asignadas ata o día 18/06/2026.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal para xeral coñecemento.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Dou fe, a Secretaria-interventora

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Rosa María Buján Ordóñez

### Anexo I

Nº rexistro	Quenda/s solicitada/s	Puntuación
202600000001594	3	10
202600000001604	1,2,3,4	24
202600000001642	1,2,3,4	17
202600000001661	1,2,3,4	17
202600000001669	1,2,3,4	17
202699900000694	2	0
202699900000695	2	0
202600000001708	2,3	17
202600000001709	1,2,3	17
202600000001712	2,3,4	24
202600000001732	1	17
202600000001730	1	17